

Revista escolar

A Capela

Curso 2019-2020 - número 10



CEIP PLURILINGÜE DE TOQUES



ÍNDICE

- ★ Editorial
- ★ Que sabemos? - Alumnado Ed. Infantil
- ★ Canto traballamos! - Alumnado 1º, 2º e 3º Ed. Primaria
- ★ Temos moito conto! - Alumnado 4º, 5º e 6º Ed. Primaria
- ★ Que medo! - Halloween e Samaín
- ★ Magosto
- ★ Semana do Camiño de Santiago
- ★ Somos científicas/os! - Semana da Ciencia
- ★ Saída de cine! - Saída escolar 1º trimestre
- ★ Como nos gusta coñecer a artistas!
- ★ Chegou o Nadal!
- ★ Día da Paz
- ★ Entroido!
- ★ Todas/os somos iguais!
- ★ Proxecto deportivo de centro
- ★ Biblioteca
- ★ Ata pronto!
- ★ Bo verán!

EDITORIAL

Este ano estamos de aniversario, 10 anos da nosa revista "A Capela"!!

Este curso escolar fixemos moitas cousas, a pesar de que non foi un curso como é habitual dado que tivemos que estar moito tempo nas nosas casas sen poder asistir ao noso querido cole.

A pesar diso as nenas e nenos deste cole, e as súas familias, demostrastes que sodes moi GRANDES! Superamos unha experiencia nova, a que nunca nos enfrontáramos e que non foi sempre fácil. Pero nada pode coas toquiñas e toquiños, e aquí temos unha morea de cousas que fomos facendo ao longo deste curso no cole e dende as nosas casas con unha pantalla como clase, pero sempre coas mesmas caras alegres e con todas as ganas do mundo.

Non puidemos rematalo como nos gustaría, todas e todos xuntos compartindo risas e recordos do curso, por eso, este ano a revista é un pouco máis especial e serviranos para recordar sempre que todas e todos somos máis fortes. Xuntas e xuntos podemos con todo o que aconteza.

Recordade todo o bo deste curso 2019/2020 con esta revista, lendo e repasando cada unha das súas páxinas, construída entre todas e todos.

Desfrutade moito do verán que temos por diante!

Ata o próximo curso!!

***Estas son algunhas das
cousiñas que fixemos os
nenos e nenas de Infantil!!***

***Este curso tivemos uns
Compis especiais!***



NO OUTONO




**Degustamos, trabajamos e
Celebrámolo!!**



EXPERIMENTAMOS!!



INVESTIGAMOS!!



TRABALLAMOS EN EQUIPO



Traballamos coas familias



Creamos

DIVERTÍMONOS APRENDENDO



E XOGAMOS MOITO



Sodes un gran equipo!!!



Desexámosvos o mellor
na seguinte etapa!



Actividades de aula realizadas polo alumnado de: 1º, 2º e 3º

Dendo o comezo de curso afondamos na abordaxe das diferentes emocións e a súa importancia con actividades como **o emociómetro de aula**, así como a lectura de diferentes contos emocionais traballados conxuntamente no recuncho de lectura da aula. Especial mención queremos facer ao noso conto de cabeceira durante este curso, "**O monstruo das cores**", de Ana Plenas, que, non en balde, representamos tamén no Festival de Nadal.

(Poner aquí unha foto cos disfraces de monstruos se podes)

Durante a **Semana da Ciencia** no colexio, construímos por equipos varios foguetes que, posteriormente, nos dispuxemos a lanzar no patio exterior do colexio. A expectación ante o inminente lanzamento e o despegue final foron todo un espectáculo cargado de emocións.



Para celebrar a nivel de centro a **Semana do Camiño**, o alumnado de 1º, 2º e 3º, encargados de expoñer ante os demais cursos a etapa do Camiño Primitivo que atravesaba a Comarca de Fonsagrada, elaboraron un power point explicativo en forma de poesía co que foron presentando grupalmente as principais características e potencialidades deste enclave natural.



Para a celebración do **Entróido**, o noso grupo optou por disfrazarse do Flautista de Hamelin, e mesmo prepararon unha coreografía para representar coa canción de Shrek titulada "flautista de Hamelin".
Canto nos divertimos!



At chegada do **COVID-19** obrigou a redeseñar as estratexias e propostas educativas, e da adaptación a esta "nova realidade", xurden as actividades que a continuación se mostran, as cales evidencian a gran capacidade de superación do alumnado en tempos de confinamento, así como as súas diversas habilidades: dende a

repostería, a creación de experimentos, manualidades, bailes, retos deportivos, etc.



Tamén reflexionaron e crearon os seus propios contos a partir de dúas palabras máxicas:

O último día de clase

Un tal 13 de marzo a media mañán cando estábamos na clase, a nosa mestra tívica, informounos de que nos tiñamos que ir para as nosas casas a fuer o confinamento cos nosas familias. Todos os meus compañeiros incluída eu puxémos nos moi tristes xa que aquel novo virus chegado de fora que se chamaba coronavirus nos acabou coa alegría en tan só 2 segundos. Agora que estamos na casaña todos axudándonos e compartindo o noso ánimo con todos os amigos e familiares, estamos xuntos visto só nos temos que valorar e saber levar ben esta convivencia en familia.

Ana



Autora: Ana

Había unha vez un colexio pequeno, en menos que lon a ese colexio eran todos moi amigos entre eles. Compartían clase varios cursos, a mestra sempre lles ensinaba a valorar as cousas que tiñan. Todos xuntos formaban unha familia. Certo día apareceu un virus chamado Coronavirus e todos tiveron que quedar na casa en confinamento. Agora os compañeiros botan de menos a convivencia que tiñan todo-los días no cole. Teñen a esperanza que todo acabe rápido e poder volver o colexio con moita alegría e seguir xogando cos amigos e continuar o aprendizaxe cos mestres.



Autor : Bruno

Os vizinhos de todos os lados
têm um medo muito grande de
suas famílias sobre os vizinhos, por
suas famílias para dar um pouco de
e com o tempo, desistiram por isso, era co-
mo em casa a comunidade, com a
oração a nós, cada um de nós.

Joel, 2º primaria

A história de Juan
Era um dia, um menino chamado Juan
que vivia na sua família muito pobre na
cidade. Um dia Juan engravidou, por culpa
dos vizinhos chamado os vizinhos e não
podia ir a classe, comportar-se com
os vizinhos, não ir a sua escola.
Como Juan se curou, voltou a casa
muito feliz!

Marcos, 2º de primaria

TEMOS MOITO CONTO!

A escritura creativa en tempos de confinamento

No noso colexio como en casi todos os sitios o confinamento colleunos por sorpresa. Isto supuxo truncar unha serie de plans que tiñamos previstos para a segunda metade do curso, entre eles estaba un taller de creatividade para todos os niveis baseado nas técnicas dun mestre italiano que nos deixou un grande número de recursos para traballar a escritura creativa nas aulas, estamos a falar de Gianni Rodari que co motivo dos 100 anos do seu nacemento este curso celebrouse o ano Rodari.

Xa dende as casas e contado cada alumno de 4º, 5º e 6º con un dos seus libros "Contos para xogar", o alumnado comezou a inventar os finais dos contos que posteriormente compartíamos a través de audios no grupo de whats up que se formou para a ocasión. A partir disto, os nenos e nenas xa comezaron a crear as súas propias historias, partindo de comezos propostos por Rodari na súa obra a Gramática da Fantasía.

Desta forma, e sobre todo gracias a creatividade de todos os alumnos do grupo, poidemos viaxar sen saír da casa: convertímonos en escarabellos, pasamos unha semana de supervivencia no medio do monte, fixemos ensaladas de contos xa coñecidos, viaxamos ao vello oeste americano e ata convertimos o mesmísimo Concello de Toques nunha Illa.

Como di Joaquín Sabina: *Os contos e os libros permítenos pasar horas que a prioripoderían ser desespenrantes como as esperas no aeroporto ou un longo confinamento como o que estivemos a vivir en horas fatásticas de entretenemento.* A continuación mostráanse tan só algúns dos relatos que son froito da creatividade do alumnado e feitos todos eles neste periodo de confinamento, agardamos que os disfrutedes.



Isabel Pérez Silva 4º

A RÁ LAURA SALTARINA




Érase unha vez en Asia, vivía a rá Laura. Ela non naceu alí.
Ela naceu en Europa, na capital de España, Madrid.



Tivo que marchar a Asia, porque en Madrid morría de calor e sede e tiña que buscar auga e un traballo.



Cando chegou á China había moitísima auga e despois de camiñar durante un bo anaco atopouse cun circo que viaxaba ó redor do país.



Decidiu ir a unha entrevista de traballo. A encargada chamábase Tania e pronto se caeron moi ben. Tania era unha coelliña preciosa que facía piruetas no aire.

- Qué sabes facer? - preguntoulle Tania a coella
- Son moi elástica e poido facer moitas piruetas, o espagat e sobretudo salto moito, moitísimo... - contestoulle moi orgullosa A Rá Laura.
- Moi ben, pois no próximo espectáculo aparecerás, pero antes temos que facer probas contigo. - Afirmou a Encargada do Circo Os Animais



O día seguinte practicaron o salto combinado con Tania a coella. O salto consistía en que Laura a rá tiña que salatar, dar unha bolboreta no aire e antes de aterrizar Tania a Coella cóllea no aire e manteñen o equilibrio.

Gustoulles tanto o exercizo que decidiron que no próximo espectáculo repetiríano diante de todo o público.



Co paso do tempo, o espectáculo criou tanta fama que decidiron viaxar por todo o mundo con él e así foi como O Circo dos Animais converteuse no Circo nº 1 de todo o Mundo.



Isabel, 4.º de primaria

A vaca Lola

Èrase unha vez fai moitos anos, nunha granxa de Arzúa, ocorreu unha cousa moi estraña a unha vaca.

Na granxa había moitas vacas e coidaban delas un granxeiro e a súa muller.

Pola mañà cedo cando se ergueron para ir muxilas, viron que unha vaca, que se chamaba “Lola”, tiña unha estrela pintada de amarelo, na barriga.

Pola día cando estaban as vacas pacendo no prado , os granxeiros viron como sobre as vacas voaba unha nave espacial. A nave desprendía unha luz moi forte e a vaca atraída pola luz, cara a nave espacial. Desde ese día nesa granxa ocorren moitos casos iguais. E as vacas atraídas pola luz , desaparecen no espazo.

Pasado un tempo, sospeitábase que os habitantes dun planeta lexano viñeran a Terra buscar as vacas, porque eran moi fermosas.

Sara Neira Ferreiro

O Escarabello

Isto aconteceume a min fai algunhas noites, estaba profundamente dormido e a cabeza púxose a traballar. Soñei que un día fora pasear coa mina nai a un bosque chamado o bosque das bolboretas. Aquelo estaba cheo de eirugas e bolboretas, eu cheo de intriga tiña moitas ganas de tocarlles, había unha eiruga que me chamou a atención, deume tanta curiosidade que lle toquei, tiña un tacto aterciopelado e deixoume unha mancha amarela nos dedos.

Voltamos para a casa e pola tarde sentíame raro, algo estaba cambiando en min, deiteime e o meu corpo foi encollendo e transformándose, non entendía nada!!!

Cando a miña nai entrou na habitación non me viu, empezou a berrar por min e eu facía un esforzo para contestarlle pero ela non me escoitaba, era un diminuto escarabello. Miña nai non o podía imaxinar, eu estaba moi asustado pensando se quedaría sempre así, pero, de repente noto que alguen me abate o ombreiro, quen era?... , menos mal, era mamá. Afortunadamente todo fora un sonó.

FIN

Yeray Gómez Couso 4º



VOANDO CA IMAXINACIÓN.

Un día coma outro calquera Lucía aburríase e decidiu ir á biblioteca, colleu un conto e a súa imaxinación voou e voou e atopouse nun mundo no que nada era o que parecía. Lucía oíu un berro, e decidiu ir ver o que pasara, morta de curiosidade. Viu, un escaravello xigante!! Ela morta de medo.... Ía marchar correndo cando o escaravello dixo:"eu son unha persoa , pero, un bruxo botoume un feitizo e cando espertei era un escaravello! Lucía aínda con moito medo , preguntoulle: e eu como podo axudarche?. O escaravello contoulle que era unha nena , e que se chamaba Flora e tamén que para que o maleficio pasara tiña que ir a onde estaba o mago Toque-Toque . Antes diso tiveron que pasar moitos perigos: o bosque dos home lobo, o río dos come cocos, e outros moitos perigos.

Cando chegaron a casa do mago , descubriron que para pasar había que ir por un laberinto , cando conseguiron pasalo o mago díxolles: se acertades esta adiviña, sacareiche o feitizo Flora, e se non quedarás así para sempre . A adiviña era: que é unha cousa que anda e anda e nunca da chegado a súa casa? Elas contestaron: o muiño! O mago dixo : moi ben! Sacareivos o feitizo. Elas despedíronse e déronlle mil grazas . Entón Lucía e Flora oíron que alguén dicía :estamos cerrando! Lucía pechou o conto e dixo : xa acabei, ata maña!

Autora: SABELA S. L. 4º

DEDICO ESTE CONTO A TANIA UNHA NENA
QUE AXUDA A TODO O MUNDO SEN ESPERAR
NADA A CAMBIO E QUE É AMIGA DE TODOS E
TODAS DO C.E.I.P. DE TOQUES .
GRAZAS , TANIA NUNCA TE OLVIDAREI. QUE
CHE VAIA MOI BEN.

ATA SEMPRE.

Ángel Pereiro Espiño 5º

LA ISLA DE TOQUES

En Toques todo iba bien, era el año 2052 estaba viendo como los niños y niñas volvían de la escuela, era viernes y hacia muy buen día.

Me encontré en el escritorio de mi apartamento cuando... Todo empezó a temblar, el edificio no estaba preparado para terremotos porque no había placas tectónicas cerca, así que salí corriendo.

Fuera, todo era un caos, nadie sabía que hacer, de repente oí una voz que gritaba ¡todos al suelo! Entonces vi como varios edificios se derrumbaban, les dije a los niños que se refugiaran en un pequeño rincón.

No había refugios porque nunca había terremotos era una excepción... ¡una excepción de nivel 11! El terremoto duró 10 minutos.

Al día siguiente después de una larga noche me desperté y oí las gaviotas, si si habéis oído bien las gaviotas, me pellizque con fuerza ya que pensaba que estaba soñando, y ¡áú! ¡Quién me mandaría pellizcarme!

Fui corriendo a avisar a los demás, la alcaldesa nos convocó en el polideportivo pusimos una radio y lo que escuchamos nos dejó atónitos: *¡Última hora, el ayuntamiento de Toques ha sufrido un terremoto que lo a desplazado al medio del Atlántico, se cree que están*

muertos por lo que no se enviará ningún equipo de rescate!

¡Muerto estas tú, estúpido periodista!- dijo un enfadado vecino.

Tranquilo enfadándote no conseguirás nada- le dije.

Tenemos que comprobar la comunicación con el exterior- dijo la alcaldesa.

Intenté usar mi teléfono, pero nada.

Nula alcaldesa- dije

Vamos a hacer una columna de humo, y esperar a que algún barco pare. Ahora a desayunar y a traer leña.- dijo la alcaldesa.

Entonces me di cuenta de que tenía un hambre de perros, fui a buscar de comer, cogí toda la leña que pude y la coloqué en el sitio indicado.

Le prendimos fuego, esperando apareció una tormenta, corrimos al pabellón se hizo de noche y se fue la luz a oscuras, a veces, nos iluminaban los rayos y con el ruido de los truenos me costó dormirme.

A la mañana siguiente vi que el fuego estaba apagado y todo demasiado mojado para volver a encenderse.

Pero la tormenta había traído un barco, corrimos a ayudar a la tripulación, el barco estaba roto, pero, lo arreglamos como pudimos.

Dimos la alerta de que estábamos vivos, pero, no nos creyeron así que embarcamos.

Tuve que vomitar unas cuantas veces, pero, me acostumbre. En el medio del viaje el parche cedió y nos hundimos todos gritaban, estábamos a punto de quedarnos sin fuerzas cuando...llegaron balsas salvavidas y helicópteros. Al parecer la noticia había llegado a la guardia costera y nos rescataron.

FIN

Ángel, 5º de primaria

Unha nova illa en América

En América descubriuse unha illa e facía moito aire. Só tiña unha palmeira e tiña froito e un montón de areia para xogar. Era máis grande que calquer illa, excitáronse un son moi raro, pensaron que era un gato, pero, parecíales moi raro, entón eles buscaron e buscaron ese animal pero, non atoparon nada. Ao día seguinte volveron e seguiron buscando, o son viña da palmeira. Alí foi onde encontraron un adorable gato, levárono e puxérono de adopción. E ao día seguinte chamaron de que o querían adoptar. O gato era super feliz con esa familia e a dona do gato tocaba o tambor, o gato encantalle que a súa dona lle tocara o tambor e finalmente descubriu que o instrumento favorito do gato era o tambor.

FIN



Brenda, 5º de primaria

Rubén Pereiro Espiño 5º

A illa Toques
Unha noite moi chuviosa houbo
unha gran inundación no Concello
de Toques. A mañá seguinte os habei-
tantes non sabían que facer, e un rapaz
propuxo facer un barco, e dentro de
mes e medio todos marcharon a Toques
foi coñecida como a illa calabera e
entámben deserta e diro que quen veai
aí non vollee.

FIN?

Maiores de 12 anos.



A illa calabera.

SAMAÍN - HALLOWEEN



OBRADOIRO DE CABAZAS

Este curso realizamos un día conxunto para celebrar o Samaín e Halloween, decorando o noso centro, afondando máis nas dúas tradicións e coñecendo o seu orixe, as súas diferenzas e similitudes. Ao comezo do día realizamos un obradoiro todas e todos de cabazas terroríficas!



CONTOS TERRORÍFICOS



O alumnado de primaria estivo a elaborar os seus contos terroríficos ao longo destas semanas e este día desfrutamos das súas creacións!



O alumnado de Infantil tamén realizou o seu conto conxunto!



TRICK OR TREAT!

Trick or treat, trick or treat,
can you give me something sweet??
Celebramos o noso propio
trick or treat polos
corredores do centro.
We love sweets!

COMIDA TERRORÍFICA!

O noso comedor non ia ser menos e para esta ocasión tivemos un menú moi especial no que crearon as súas hamburguesas monstruosas!



MAGOSTO

Un ano máis chegou a festa máis agardada do outono, O MAGOSTO! Este ano volvemos desfrutar co noso concurso de peóns, preparando as castañas para comelas, e xogando a moitos xogos durante esta semana!

PERO...ANTES DE COMER...A XOGAR CO PEÓN!

Asistimos a un obradoiro no que nos ensinaron moitas formas de lanzar un peón!



Tamén vimos o peón máis pequeno do mundo!

Todas e todos nos animamos a practicar e facer virar e virar os nosos peóns!





E CHEGOU O MOMENTO DE COMER AS CASTAÑAS!



**CASTAÑA, CASTAÑA
QUE NO LUME ESTÁS
SALTA, SALTA, SALTA
QUE TE QUEIMARÁS
CASTAÑA, CASTAÑA
QUE NO LUME ESTÁS
TEN CUIDADO,
TEN CUIDADO,
QUE TE QUEIMARÁS.**



**No cole fixemos o noso
Propio camiño!!**

**Vimos cousas relevantes
De cada etapa
E superamos moooitas probas!**

**Mirade qué ben
O pasamos!!**














Science Week

SEMANA DA CIENCIA

Durante esta semana puxemos as nosas batas brancas e fomos científicas e científicos. Aprendemos moito sobre as cores, as súas propiedades, a propulsión, os tipos de mesturas, que se produce nunha combustión...unha morea de experimentos!



O resultado do experimento!




SAÍDA ESCOLAR 1º TRIMESTRE



VISITA AO MUPEGA

MUSEO PEDAGÓXICO GALEGO



SAÍDA ESCOLAR 1º TRIMESTRE

CINES NUMAX

SANTIAGO DE COMPOSTELA



PARA REMATAR A MAÑÁ, ASISTIMOS A ESTE CINE EN SANTIAGO DE COMPOSTELA, QUE TAMÉN É UNHA LIBRERÍA, E PUIDEMOS TER A SALA SO PARA NÓS! VIMOS ESTA PELÍCULA, QUE É MOI ESPECIAL ESTE ANO XA QUE É A PERSONAXE COA QUE DECORAMOS UNHA DAS AULAS DO NOSO CENTRO.



TIVEMOS VISITAS MOI INTERESANTES

Cantamos e bailamos
Con Luís Prego



Pasámolo pipa con Paula Carballeira



Chegou o... NADAL

Como somos moi festeiras e festeiros, e non hai nada que nos guste máis que xuntarnos para celebrar as nosas datas favoritas, desta volta non ía ser menos. Chegou o Nadal, e con el o fin do primeiro trimestre e as tan agardadas vacacións. Pero antes diso pasamos semanas de decoración e ensaios e nervios para preparar todas as actuacións de Nadal: trucos de maxia, cancións en cantos idiomas sabemos, bailes (ata fixemos un en pixama!), obras de teatro...



Tamén podemos ver unha nova obra do grupo de teatro “Calavera”, cos que volvemos desfrutar descargando toda a enerxía acumulada estes meses, con tatuaxes de nadal, bailes, coreografías, obra de teatro...Teatro Calavera, volve de ao noso centro sempre que queirades! Lembrádesvos dese día?



DÍA DA PAZ






Lecturas e exposición na nosa Biblioteca!



Este ano adicamos o día da Paz a pensar en todas aquelas inxustizas e discriminacións que acontecen día a día na nosa sociedade e ao noso arredor.

Creamos o noso mural de "Gotiñas da Paz" co que queremos que todos eses bos desexos sexan gotiñas que sumen no noso día a día.



Fai clic na imaxe para ver unha das curtametraxes que traballamos na aula!



ENTROIDO

CARNIVAL

Este ano o noso carnaval foi un conto, e nunca mellor dito, xa que cada clase recreamos contos clásicos que nunca nos deixarán de gustar. Escollemos “Alicia no país das marabillas” o alumnado de Infantil, “O frautista de Amelie” o alumnado de 1º, 2º e 3º de primaria e “Brancañeves e os sete ananiños” o alumnado de 4º, 5º e 6º de primaria.

Tivemos actuacións, nas que nos acompañaron as nosas familias, fomos todas e todos de paseo por Toques, con Martín tocando a súa gaita (que ben o fas Martín!!), e como non, comemos todas as lambonadas típicas destas datas! Queredes recordar algúns dos momentos? Botádelle un ollo a estas fotos.



A nosa propia hora do té!

Antes da actuación, que nervios



SOMOS IGUAIS! *Proxecto Donas de sí*



Un ano máis, traballamos ao longo deste curso por seguir demostrando que todas e todos temos os mesmos dereitos e somos capaces de facer o que nos propoñamos!

25N – Día Internacional en contra da Violencia de xénero



OBRADOIRO DE ORIGAMI

Ao longo deste día tivemos a visita dunha contacontos que nos encantou chamada Palmira Castro. Contounos unha historia sobre a simboloxía da tatuaxe das andoriñas na cultura urbana, e a súa vinculación coas mulleres que sufriron violencia de xénero.



XINCANA POLA IGUALDADE

Xa sabedes o que nos gustan as xincanas e o deporte...lebrádesvos da xincana pola igualdade que fixemos? Estereotipos, xogos de rol, xincana no ximnasio, o papel da muller na sociedade actual e no pasado...

Todo iso e moito máis fixemos ao longo desta xornada cooperando entre todas e todos para solucionar os retos que nos propuxeron!



8

de marzo

Para conmemorar este 8 de marzo, día internacional da Muller realizamos unha morea de actividades. Ao longo da semana estivemos a ler a bibliografía de mulleres que fixeron grandes contribucións á nosa sociedade. Na aula de plástica o alumnado de primaria realizou un mural colaborativo a favor da diversidade. Para rematar, ese día xogamos ao noso "Non pases palabra!", con vocabulario sobre a diversidade sexual, a igualdade, nomes de personaxes famosas... Consequimos non pasar ningunha palabra e completar o noso rosco!



Día 3 de decembro- Día da Inclusión



A participación das familias é algo fundamental no centro e nesta ocasión unha mamá veunos contar un conto moi especial: **"Son un robot"**, para facernos conscientes doutras realidades, e de como somos a propia sociedade a que moitas veces poñemos as dificultades.

Lecturas pola Igualdade!

Se vos queredes lembrar para este verán dalgúns dos libros que lemos este curso na biblioteca escolar...

Toquiña recórdanos algúns deles!



Proxecto Deportivo de centro

Como sabedes, neste curso iniciamos o proxecto deportivo: “Somos deporte”, un programa que persegue impulsar a práctica do deporte e do exercicio físico como hábitos de vida para garantir a saúde e benestar físico das crianzas.

Consideramos que a súa implantación foi unha experiencia positiva por facer achegas a asentar estilos de vida pro-activos entre o alumnado, ao tempo que permitiu diversificar as propostas lúdicas, practicar novos deportes e enriquecer os recreos mediante o establecemento de **patios dinámicos** adaptados á idade e intereses socio-educativos do alumnado, así como os **roles de traballo cooperativo**, uns colgantes cos que semanalmente o propio alumnado organizaba o material de xogo a utilizar.



CREACIÓN DA AULA DE PSICOMOTRICIDADE

A finalidade da súa creación, aínda en proceso debido ao COVID-19, é dispor dun espazo lúdico adaptado ás necesidades socioeducativas do alumnado de educación infantil.



SEMANA EUROPEA DO DEPORTE



XINCANAS DEPORTIVAS NO CENTRO



COREOGRAFÍAS DEPORTIVAS

Realizáronse a prol do deporte varias coreografías como **“Nubeluz deporte”** na que participaron 4º, 5º e 6º, ou **“Móvetec con nós”**, representada polo alumnado de 1º, 2º e 3º, unha mostra máis de que o deporte está moi presente no centro. Para conmemorar o día da Paz tamén preparamos todo o centro unha coreografía coa canción **“PAZ”**, do cantante Juanes.



E CHEGOU O COVID-19 PERO... SEGUIMOS FACENDO DEPORTE NA NOSA CASA!!

O estado de alarma non foi impedimento ningún para continuar co movemento!. De feito, todo o alumando seguiu practicando actividade física dende os fogares. A través de **9 retos deportivos** que a mestra de Educación Física nos deixaba na Aula Virtual do centro, e de diferentes propostas de actividade física en liña, o deporte seguiu vivo!!

Acrosport en Familia!



PARA VIAXAR LONXE NON HAI MELLOR NAVE QUE UN LIBRO!

Emily Dickinson



PRELECTORES



Título: Monstruo Rosa
Autor/a: de Dios, Olga
Editorial: Apila Ediciones
ISBN13: 9788493973643



Título: Pequeno Azul e Pequeno Amarelo
Autor/a: Lionni, Leo
Editorial: Kalandraka
ISBN13: 9789728781538



Título: ¡Oh! Un libro con sonidos
Autor/a: Tullet, Hervé
Editorial: Kókinos
ISBN13: 9788416126958


PRIMEIROS LECTORES



Título: ¿A qué sabe la luna?
Autor/a: Grejniec, Michael
Editorial: Kalandraka
ISBN13: 9788484645641



Título: Cerca
Autor/a: Colombo, Natalia
Editorial: Kalandraka
ISBN13: 9788496388888



Título: Con Tango son tres
Autor/a: Richardson, Justin
Editorial: Kalandraka
ISBN13: 9788484649847

LECTORES INTERMEDIOS



Título: Yo voy conmigo
Autor/a: Díaz Reguera, Raquel
Editorial: Thule Ediciones
ISBN13: 9788415357841




Título: ¿Qué se esconde dentro del mar?
Autor/a: Bestard Vila, Aina
Editorial: Lectio Ediciones
ISBN13: 9788416012787




Autor/a: Fernández Paz, Agustín
Editorial: Xerais
ISBN13: 9788497825566

LECTORES AVANZADOS



Autor/a: Trondheim, Lewis
• García Sánchez, Sergio
Editorial: Faktoria K de libros
ISBN13: 9788496957589



Autor/a: Melville, Herman
Editorial: Almadraba editorial
ISBN13: 8483083655



Autor/a: Saint-Exupéry, Antoine
Editorial: Adapta
ISBN13: 9788494945168

LECTURAS INCLUSIVAS




Autor/a: Fontcuberta, Joan
Editorial: Kalandraka
ISBN13: 978849638807



Autor/a: Lionni, Leo
Editorial: Kalandraka
ISBN13: 9788484643104



Autor/a: Cottin, Menena
Editorial: Libros del Zorro Rojo
ISBN13: 9788492412198



Autor/a: McKee, David
Editorial: Beascoa
ISBN13: 9788448823283



Autor/a: Gutiérrez Llano, Pilar
Editorial: Libros del Zorro Rojo
ISBN13: 9788494437526



Autor/a: Portis, Antoinette
Editorial: Kalandraka
ISBN13: 9788484643265


ENGLISH READINGS



Colección PETE THE CAT



CAT AND MOUSE



The very hungry caterpillar
Autor/a: Carle, Eric

Este ano é a nosa compañeira Tania a que lle toca rematar unha etapa e continuar o seu camiño por un tempo. Agradecémosche Tania todo o que aprendemos de ti durante estes anos todas as mestras e mestres que pasamos polo centro (esteamos nel actualmente ou non) e que te fomos vendo medrar e converterte na gran persoa que es a día de hoxe.

Agardamos que sempre recordes todos os bos momentos vividos no colexio de Toques, o teu colexio para sempre, no que sempre estaremos encantadas/os de recibirte cos brazos abertos e un sorriso.

Agardamos que cada minuto que pasaches nas aulas deste centro che aportaran todo o posible en valores, actitudes, forma de ver a vida e afrontar os problemas e que todo iso che resulte útil neste seguinte paso que vas a dar.

Nunca perdas o sorriso, as ganas de descubrir, de investigar, de aprender, de rir, de axudar aos demais como sempre fas.

Moita sorte!!

Todo o profesorado e alumnado de Toques enviámosche a maior das apertas, agardando que nos veñas contar moitas novas aventuras!!



Fin de curso

telemático

Este fin de curso foi un pouco diferente ao que estamos acostumbradas/os, pero non por eso deixamos de desfrutar xuntas/os da alegría de pechar un curso escolar e de pensar en todas as aventuras que nos quedan por vivir xuntas e xuntos para o vindeiro curso. Recargade moito as pilas!!

BO VERÁN TOQUIÑAS E TOQUIÑOS!!

